

REGULAMENTO DO CENTRO DE INVESTIGACIÓNS CIENTÍFICAS AVANZADAS (CICA) DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Aprobado polo Consello de Goberno do 4 de xuño de 2019

O Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) da Universidade da Coruña nace coa expansión e o desenvolvemento que experimentaron os grupos de investigación relacionados coa bioloxía e a química durante os últimos anos na UDC e a necesidade de proporcionarlles unha localización axeitada ás súas necesidades e demandas, e consonte a unha axeitada estrutura organizativa da actividade universitaria.

De acordo co plan estratéxico do CICA a misión, visión e os valores son os seguintes:

- **Misión:** Descubrir e xerar novo coñecemento e solucións innovadoras aos retos actuais e futuros relacionados coa saúde e o medio ambiente para beneficio da sociedade, a saúde pública e a prosperidade económica nun contorno que favorece as sinerxías entre disciplinas.

- **Visión:** Ser referentes en investigación, formación e transferencia, cun compromiso de excelencia científica, no desenvolvemento dun entorno estimulante para os investigadores, desde unha perspectiva de *multi* e interdisciplinabilidade; garantindo a retención do talento, a captación de recursos para un crecemento sostible, a internacionalización e xerando un diálogo continuo coa sociedade.

- **Valores:** Excelencia, interdisciplinabilidade, compromisos cos retos rexionais, independencia científica, integridade, ética e responsabilidade social, igualdade de oportunidades, sostibilidade e transparencia.

As bases académicas en que bota raíces o CICA na UDC son os estudos de grao, mestrado e doutoramento dos ámbitos das ciencias e das ciencias da saúde, así como a Escola Internacional de Doutoramento (EID) da UDC.

A Universidade da Coruña velará para que o Centro de Investigacións Científicas Avanzadas dispoña dunhas instalacións idóneas e desenvolva un labor de interacción científica con axentes da súa contorna. É por iso que o seu funcionamento debe estar regulado segundo todos os preceptos que emanen da lexislación vixente e dos acordos do Consello de Goberno da Universidade da Coruña que lle foren aplicables e, especificamente, polo presente regulamento de réxime interior.

TÍTULO I

NATUREZA E FINALIDADES DO CICA

Artigo 1.- Natureza, denominación, réxime xurídico e adscrición

1. O CICA é unha estrutura organizativa da Universidade da Coruña especializada na investigación e na transferencia nos campos da biotecnoloxía, biomedicina, medio ambiente e os novos materiais.
2. O CICA réxese por este regulamento, os Estatutos e as normas propias da UDC que lle sexan de aplicación e mais pola lexislación xeral de procedemento, universitaria, científica e tecnolóxica que igualmente lle sexa de aplicación.
3. O CICA está adscrito organicamente á Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia ou á vicerreitoría equivalente da UDC competente en materia de Investigación e Transferencia.

Artigo 2.- Finalidades do CICA

1. Constitúen finalidades do CICA:
 - a) Dar soporte ás actividades en I+D+i básica e aplicada dos grupos de investigación e investigadores/as individuais da Universidade da Coruña que estean integrados no centro.
 - b) Desenvolver proxectos de investigación financiados con axencias tanto públicas como privadas e, así mesmo, con empresas.
 - c) Transferir resultados de investigación dentro do seu marco da protección intelectual.
 - d) Formar e captar investigadores/as e colaborar tanto nacional como internacionalmente con grupos e centros de investigación de referencia.
 - e) Difundir resultados a través de publicacións, teses de doutoramento, reunións científicas e actividades dirixidas á comunidade investigadora e á sociedade en xeral.
 - f) Contribuír como elemento activo nas relacións universidade-empresa e, en xeral, universidade-sociedade.
2. Para o logro destas finalidades, o CICA desenvolverá cantas funcións e actividades resultaren necesarias de conformidade co disposto coa súa natureza e a normativa de aplicación.

TÍTULO II ESTRUTURA E XESTIÓN

Artigo 3.- Membros

1. Son membros do CICA:

a) Os grupos de investigación recoñecidos pola UDC e adscritos ao centro segundo o disposto na súa convocatoria de adscrición, así como o persoal docente e investigador e o persoal investigador integrado neles.

Os grupos de investigación que forman parte da estrutura organizativa son aqueles, que, formando parte do catálogo de investigación da UDC, lles fose asignado un laboratorio nas convocatorias públicas competitivas de pertenza e cesión de espazos para grupos de investigación no CICA, que cumpran cuns requisitos de tipo científico e convertan así o centro nun polo de atracción para os campos dos que se ocupa.

A incorporación de novos grupos deberá ser aprobada pola Comisión Interna.

Ademais, poderán adscribirse ao CICA grupos que non teñan asignados espazos no edificio que acolle ao centro.

b) O PDI e o persoal investigador que puidese estar adscrito individualmente ao centro.

c) O PAS e o persoal técnico de xestión e laboratorio baixo calquera modalidade de contratación da UDC adscrito ao centro.

d) Grupos de investigación, investigadores/as individuais e persoal técnico pertencentes ao INIBIC, de conformidade co convenio de colaboración asinado entre a UDC e a Fundación Profesor Nóvoa Santos o 20 de xuño de 2014, regulador da participación dos grupos de investigación universitarios nas actividades do INIBIC. Para este tipo de grupos realizaranse convocatorias públicas competitivas específicas de pertenza e cesión de espazos.

2. Logo da proposta da Comisión Interna, corresponde ao/a reitor/a adscribir ao CICA os grupos de investigación, o PDI e o persoal investigador e técnico.

3. A relación dos grupos de investigación adscritos ao CICA estará actualizada na páxina web do CICA, <http://cica.udc.es> na pestaña Investigación e transferencia.

4. O CICA contará cunha oficina de xestión cuxa finalidade é a de dar soporte ao centro en calquera aspecto que fose necesario. A estrutura desta oficina, e sen prexuízo de futuras ampliacións ou modificacións, é a que figura no Anexo I deste regulamento.

Artigo 4.- Estrutura de goberno

A estrutura de goberno do CICA é a que segue:

- a) Director/a e, de ser o caso, subdirector/a.
- b) Comisión Interna
- c) Comisión Reitora
- d) Comisión Científica Externa

Artigo 5.- Dirección do CICA

1. O/a director/a do CICA terá a cargo a súa dirección. Será nomeado/a polo/a reitor/a por períodos de catro anos, renovables, a proposta da persoa titular da vicerreitoría competente en materia de Investigación e Transferencia. Deberá ser membro do PDI en servizo activo e a tempo completo da UDC. Deste nomeamento darase conta á Comisión Reitora.

2. O director/a do CICA terá dereito aos complementos retributivos e á redución docente establecidos para as persoas que ocupen a dirección ou o decanato das facultades e escolas da UDC.

3. A perda da condición de director/a do centro prodúcese por renuncia, perda da condición de PDI ou da dedicación a tempo completo ou cesamento acordado polo/a reitor/a, a proposta da persoa titular da vicerreitoría competente en materia de Investigación e Transferencia.

4. A definición das tarefas do persoal técnico e o adecuado mantemento das instalacións serán responsabilidade do/a director/a. Adicionalmente, o/a director/a terá a representación institucional do centro e promoverá e executará todas as accións orientadas á captación de recursos para o centro.

Elaborará unha memoria do centro en que se especificarán os fitos de carácter científico acadados (publicacións, participación en congresos, patentes, proxectos, contratos con empresas e outros).

Artigo 6.- Subdirección do CICA

1. O/a subdirector/a do CICA, de ser o caso, será nomeado/a polo reitor/a por un período de catro anos, renovables, a proposta do/a vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia ou equivalente, entre o PDI a tempo completo da UDC.

2. O/a subdirector/a do CICA apoiará ao director/a nas tarefas que este/a lle encomende.

Artigo 7.- Comisión Interna

1. A Comisión Interna do CICA estará constituída:

- a) Pola persoa titular da vicerreitoría competente en materia de Investigación e Transferencia, ou persoa en quen delegue, que a presidirá.
- b) Polo/a director/a do CICA que actuará de vicepresidente/a.
- c) Por un membro da Oficina de Xestión que actuará de secretario/a.
- d) Por cinco representantes dos grupos de investigación adscritos dos que un/unha poderá ser de aqueles grupos incluídos no CICA que non teñan asignado un espazo ou un/unha investigador/a individual.
- e) Por un/unha representante do persoal de administración e servizos contratado, laboral ou funcionario adscrito ao CICA.

2. Os/as representantes dos grupos de investigación serán propostos polo/a director/a do CICA, oídas as propostas dos/as coordinadores/as dos grupos, ou polos/as investigadores individuais, e nomeados pola Comisión de Investigación delegada do Consello de Goberno, que informará ao Consello de Goberno. Estes representantes exercerán a súa función por un período máximo de catro anos desde o seu nomeamento.

3. Son competencias da Comisión Interna:

- a) Definir as condicións para ser membro do CICA e mais as de perda desta condición.
- b) Propor novas liñas de investigación e informar sobre as existentes.
- c) Informar sobre as necesidades dos/as investigadores/as e sobre as disfuncións que se detectaren no funcionamento e no uso das instalacións e servizos do CICA.
- d) Estudar e propor plans de mellora nas instalacións e servizos do CICA.
- e) Propor solicitudes de infraestruturas.
- f) Propor adecuacións ou modificacións da normativa de funcionamento do CICA.
- g) Aprobar a incorporación de novos grupos ao CICA.
- h) Definir as liñas prioritarias.
- i) Aprobar a creación de comisións específicas convenientes para o estudo de asuntos concretos.
- j) Aprobar o programa de seminarios temporais e ciclos de conferencias.
- k) Propor membros para a Comisión Científica Externa.

4. A Comisión Interna reunirse, cando menos, dúas veces ao ano por convocatoria do/a director/a do CICA ou por petición de, como mínimo, a terceira parte dos seus integrantes.

Artigo 8.- Comisión Reitora

1. Estará integrada polo reitor da UDC, a persoa responsable da vicerreitoría competente en materia de Investigación e Transferencia, o secretario xeral de Universidades da Xunta de Galicia (ou persoa en quen delegue), un membro do Consello Social da UDC, e dous investigadores designados pola Comisión Interna. O/a director/a formará parte dela con voz pero sen voto.

2. Son funcións da Comisión Reitora:

- a) Aprobar a proposta de orzamento, a súa liquidación, a rendición de contas, ben como a memoria anual.
- b) Aprobar o programa xeral de actividades e o plan estratéxico do CICA, ben como as súas modificacións
- c) A aprobación dos convenios asinados polo CICA
- d) Propor a incorporación doutras entidades públicas ou privadas á comisión reitora
- e) Promover vínculos do CICA con outras institucións
- f) En xeral, promover e propor plans e medidas que poidan redundar no mellor funcionamento e organización do CICA.

3. Reunirase como mínimo nunha sesión ordinaria cada ano.

Artigo 9.- Comisión Científica Externa

1. Estará constituída, ao menos, por cinco investigadores externos á UDC de recoñecido prestixio internacional con ampla experiencia científica e na dirección de proxectos de investigación no ámbito das áreas de investigación do CICA.

2. Os membros da Comisión Científica Externa serán nomeados polo vicerreitoría competente en materia de Investigación e Transferencia a proposta da Comisión Interna para un período de catro anos prorrogables como máximo unha vez.

3. A Comisión Científica Externa do CICA escollerá de entre os seus membros aquelas persoas que exercerán os cargos de presidente/a e secretario/a; a duración daqueles será de catro anos renovables.

4. Son competencias da Comisión Científica Externa:

- a) Realizar cantos informes e propostas xulgar oportunos no relativo á política científica do centro e mais á avaliación dos grupos de investigación baseados na calidade das publicacións, proxectos de investigación, internacionalización,

patentes, actividades de transferencia, adecuación as liñas de investigación do centro e outros.

b) Propor melloras nas liñas de traballo dos grupos de investigación e das estratexias xerais do centro.

c) Propor melloras na organización do centro.

d) Realizar a avaliación do centro e as demais tarefas que lle sexan atribuídas por este regulamento ou pola Comisión Interna.

5. Reunirase como mínimo nunha sesión ordinaria cada ano.

TÍTULO III CONTROL E AVALIACIÓN

Artigo 10.- Calidade

1. O CICA elaborará cada catro anos unha memoria das actividades realizadas, así como unha proposta de obxectivos estratéxicos para o período seguinte que inclúa indicadores específicos que permitan avaliar a actividade desenvolvida.

2. A memoria deberá incluír a avaliación da actividade do centro no período de referencia, dirixida pola Comisión Científica Externa de acordo co disposto no artigo 9.

Artigo 11. – Ética na investigación

O CICA desenvolverá as súas actividades de conformidade cos estándares éticos, baixo a supervisión do Comité de Ética na Investigación e na Docencia da UDC, e de conformidade coa normativa vixente e as mellores prácticas en materia de experimentación animal.

Artigo 12. – Contratación de persoal

O CICA adoptará cantas medidas sexan precisas para asegurar que na contratación de persoal adscrito aos grupos e proxectos vinculados ao centro se cumpra a lexislación e os convenios colectivos de aplicación, ben como criterios de selección compatibles cos selos de excelencia obtidos polo centro e pola UDC como, por exemplo, o HRS4R da Comisión Europea.

Artigo 13. – Igualdade de xénero

O CICA aplicará con carácter transversal en todas as súas actividades políticas e medidas adecuadas para eliminar calquera desigualdade, directa ou indirecta,

entre homes e mulleres, en coordinación coa Oficina para a Igualdade de Xénero da UDC. En particular, procurarase o equilibrio de xénero na composición dos órganos colexiados do CICA.

Artigo 14. - Normalización e promoción da lingua galega

De conformidade co Regulamento de usos da lingua galega da UDC, o CICA empregará o galego como lingua de uso normal no seu funcionamento e na súa proxección externa e promoverá de forma activa o uso da lingua galega nas actividades científicas que se desenvolvan no centro.

TÍTULO IV BENS E INFRAESTRUTURAS

Artigo 15. - Instalacións

1. Os laboratorios que compoñen actualmente o CICA, e sen prexuízo de futuras ampliacións ou modificacións, son os que figuran na páxina web do CICA, <http://cica.udc.es> na pestaña Investigación e transferencia.
2. Os laboratorios poderán ser creados, modificados ou suprimidos por resolución reitoral, tras o pedimento do/a director/a do CICA, o informe favorable da Comisión Interna do CICA e co visto e prace da persoa titular da vicerreitoría competente en materia de Investigación e Transferencia.
3. Mediante unha autorización ou concesión, segundo proceder, o CICA poderá ceder o uso de espazos nas súas instalacións a empresas cuxa actividade estea relacionada coas súas áreas de investigación.

TÍTULO V RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 16.- Xestión económica

1. Os orzamentos da UDC conterán a dotación económica do CICA.
2. Os gastos do CICA serán autorizados pola dirección do Centro.

DISPOSICIÓN FINAL

Este regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no taboleiro electrónico oficial (TEO) da sede electrónica da UDC.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

O artigo 9 sobre a composición da Comisión Científica Externa serán de aplicación na próxima selección de membros da dita comisión.

ANEXO I. OFICINA DE XESTIÓN

A estrutura da Oficina de Xestión no momento de aprobación deste regulamento é a seguinte:

- Xestión da I+D, Transferencia e Promoción
- Xestión Económica e Administrativa
- Apoio Técnico de Laboratorio